



Colexio Oficial de  
Traballo Social  
de Galicia

# **PROPOSTA DE ACTIVIDADES -2020-**

**COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**

## ÍNDICE

1. Presentación.....	1
2. Composición da Xunta de Goberno.....	2
3. Liñas de traballo do COTSG.....	3
4. Medidas adoptadas pola COVID19.....	4, 5
5. Defensa da profesión.....	6, 7, 8
6. Comisión deontolóxica.....	8
7. Relacións externas.....	9, 10
8. Área de Formación.....	11 - 21
9. Traballo Social e Feminismo.....	22, 23
10. Traballo Social e Medioambiente.....	24
11. Traballo Social e Educación.....	24 25
12. Traballo Social Sanitario.....	25, 26
13. Traballo Social e Comunitarios.....	26, 27
14. Asesoría xurídica e laboral.....	27, 28, 29
15. Convenios e colaboración coa admon.....	30, 31
16. Servizos e organización externa.....	31
13. Comunicación.....	32, 33

## 1. PRESENTACIÓN

A Xunta de Goberno considera que o colexio debe ser un elemento máis do cambio social e non axustarse nin reproducirse co sistema, pois debería ser o entorno natural para a convivencia e participación de todas e cada unha das persoas colexiadas, impulsando o traballo social como profesión esencial no eido das ciencias sociais.

Nós somos un equipo profesional, aberto a todas as correntes onde as ideas e opinións dos colexiados/as sexan os seus valores máximos. Entendemos que un colexio profesional é a estrutura axeitada para que se inicien as transformacións necesarias para a defensa do traballo social en todos os seus niveis. Principios como o do respecto, diversidade, integración, ética, transparencia, etc., son os eixos polos que se rixe a nosa actuación colexial.

Conformamos esta Xunta de Goberno profesional de todos os territorios da

comunidade, cunha bagaxe e experiencia vital diferente, pero cun espírito afín cheo de inquietudes e de conciencia polo traballo en equipo, e pola defensa dun sistema público coherente coa realidade social.

Queremos estar con vós, achegando ás distintas realidades ás vosas inquietudes, para que o Colexio poida ser a canle a través da cal elevemos ós Poderes Públicos a realidade desta profesión e do seu campo de intervención. Asumimos a responsabilidade e o compromiso de impulsar un proxecto para fortalecer a estrutura e o funcionamento do Colexio, adaptándoo ás esixencias do noso colectivo profesional, ás necesidades das persoas e ós desafíos da situación actual. Gustaríanos que compartíssemos entre todas e todos a defensa e intereses da nosa profesión e da cidadanía, avanzando cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.



### 2. ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

É o órgano colexial executivo e representativo ao cal lle corresponde o goberno e a administración do colexio. Os cargos desígnanse mediante elección, podendo acceder todos as persoas colexiadas que cumpran os requisitos fixados nos Estatutos. O COTSG ten carácter de entidade sen ánimo de lucro, do que se deriva que as persoas da Xunta de Goberno non son remuneradas polo exercicio das súas funcións. A duración do mandato é de catro anos.

1. Presidenta: Miriam Rodríguez Sierra
2. Vicepresidenta, vogalía labora e comunitarios: Antía Sobrino Bernaldo de Quirós
3. Secretario: Antonio Doval Canabal
4. Tesoureira: Maira Vilar Pumares
5. Vogal: Ana María Rodríguez Fernández
6. Vogal: Ana María Vilar Varela
7. Vogal: María Isabel Fernández Lema
8. Vogal: Silvia Sanjurjo Constenla
9. Vogal: Mapi Lema Rey



### 3. LIÑAS DE TRABAJO DO COTSG PARA 2020

O 2020 dará continuidade ás liñas estratéxicas presentes nos plans de traballo da Xunta de Goberno. As liñas de traballo prioritarias no 2020 serán as seguintes:

1. Continuar coas actuacións en diferentes eidos para traballar pola regulación da profesión (Servizos sociais, educación, sanidade, Xunta de Galicia).
2. Paliar as consecuencias sociais derivadas das medidas adoptadas polas autoridades por mor do COVID 19.
3. Fomentar o Feminismo dentro do traballo social.
4. Promover o Traballo social e desenvolvemento social sostible.
5. Estabilidade laboral e recoñecemento social da profesión.
6. Visibilizar a Comisión Deontolóxica como órgano consultivo do COTGS.
7. Fomentar a participación coas Universidades galegas de Traballo Social.

O plan de Traballo pretende seguir respondendo ás demandas das persoas colexiadas en aqueles temas prioritarios relacionados coa situación social e os dereitos das persoas e colectivos.

Un ano máis, temos o reto e a necesidade de coordinar os esforzos de toda a colexiación e actuar, na medida das nosas posibilidades, e en alianza con outras institucións, como axentes críticos e proactivos tratando de participar no desenvolvemento das distintas leis e documentos, presentando aportacións, e comunicando o noso traballo de xeito efectivo.

Ao longo deste documento detallamos os obxectivos e as estratexias a seguir por parte do Colexio Oficial de Traballo social de Galicia:



### 4. MEDIDAS ADOPTADAS POLA COVID-19

Tras as medidas adoptadas polas autoridades para a prevención da COVID – 19, o Colexio oficial de Traballo social comenzo a loita para paliar as situacións de risco social producidas por dita situación.

Nas nosas reivindicacións ante as institucións do Estado, sempre poñemos de manifesto a necesidade de estar ao carón das persoas. En situacións sen precedentes como esta de grave risco sanitario, social e económico, a nosa reivindicación como profesión sempre é a mesma: non podemos deixar atrás ás persoas e aos colectivos máis vulnerables. Por tal motivo, as accións levadas a cabo son as seguintes:

- O 14 de marzo, o COTSG enviou un comunicado ás consellerías e Direccións xerais de Sanidade e Política social na que subliñan as eivas e deficiencias que derivan das medidas tomadas pola COVID – 19 [+info](#)
- Elaboración e difusión de medidas sociais dirixidas a Administración para paliar o risco social producido por dita situación [+ info](#).
- Creación dun buzón de incidencias ([incidencias@traballosocial.gal](mailto:incidencias@traballosocial.gal)) para que a colexiación traslade as eivas e incidencias que denotan na súa actividade laboral.
- Elaboración dunha serie de medidas e recomendacións sobre as consecuencias da Violencia de xénero derivadas da situación de aillamento [+info](#).
- Creación grupo de voluntariado que desexe aportar e axudar na crise socio-sanitaria, ofrecendo a nosa solidariedade ás autoridades, a outras compañeiras/os de profesión e á cidadanía.
- Comunicación e escrito elaborado a Política social tras recoller a problemática detectada no Servizo de Axuda no Fogar [+info](#).
- Proposta da creación Teléfono de Atención social á Consellería de Política social para dar cobertura ás consultas urxentes derivadas do illamento e informar e derivar situacións de especial vulnerabilidade.
- Coordinación do COTSG coa Xunta de Galicia no Teléfono de atención Social, no que participan 36 profesionais do Traballo social da Administración autonómica.

- Seguimento de incidencias e recollida de información do Teléfono de Atención social (L-D 08.00h – 20.00h)
- Elaboración do Protocolo de actuación do Teléfono de Atención social da Xunta de Galicia [+ info](#).
- Escrito a FEGAMP para reforzar as plantillas de traballo social de xieto urxente para dar cobertura continua e ininterrompida aos servizos Sociais [+info](#).
- Escrito á Consellería de Política Social respecto á supervisión e ao reforzo imprescindible da figura da T.S tras as consecuencias socio-económicas do COVID – 19
- O COTSG alerta da Falta de Protocolos para os Servizos sociais na Fase 1 [+info](#).
- O COTSG participa no Plan de Reactivación asistencial en Atención Primaria en Relación coa Infección polo Virus COVID-19 [+info](#).
- Adhesión á Campaña da Consellería de Sanidade “Con Sentidiño”.
- Participación do COTSG no Homenaxe ás vítimas do COVID-19 promovido polo Colexio de Medicina con todos os colexios sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.



europapress / galicia Publicado 13/05/2020 17:47:13

### El Colexio de Traballo Social alerta de la falta de protocolos para los servicios sociales en la fase 1

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13 May. (EUROPA PRESS) -

El Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) ha alertado de la falta de protocolos para los servicios sociales en la fase 1 de la desescalada y ha reclamado a la Xunta que envíe "sin demora" protocolos para los trabajadores.

#### Piden a la Xunta que deje su "actitud pasiva" y refuerce ya los equipos sociales

Relección | Vigo | 13.04.2020 | 00:44

La junta de gobierno del Colexio Oficial de Trabajo Social de Galicia Consellería de Política Social "que deje su actitud pasiva" y lleve a o equipos de servicios sociales. La organización advierte de que tras especialmente vulnerables "pueden caer en situaciones de extrema atención social urgente e inmediata".

### Traballadoras sociais urxen o reforzo inmediato dos servizos sociais

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia censura a pasividade da Administración galega e insta tanto á Xunta como ás entidades locais a contratar profesionais que dean cobertura de forma continuada e ininterrompida aos servizos sociais.

### 5. DEFENSA DA PROFESIÓN

O obxectivo principal será contribuír na defensa e promoción dos dereitos sociais na Comunidade Galega.

#### Actuacións previstas

- Recoñecemento da Titulación de Traballo social no proceso selectivo da Xunta de Galicia
- Recoñecemento da Figura do Traballo social no sistema Educativo
  - Continuar o traballo iniciado co grupo de Traballo en Educación do COTGS para a incorporación do Traballo social nos centros educativos.
  - Manter xuntanzas coa Consellería de Educación e impulsar esta iniciativa.
  - Difundir as experiencias de negociación de outras Comunidades Autónomas que teñen implantada esta figura.
- Continuar coas negociacións coa Axencia galega de Emerxencias en Galicia para a creación do grupo de Traballo social voluntario en Grandes Emerxencias e catástrofes.
  - Creación da proposta formativa para as/os voluntarias/os que formarán parte do Grupo de Grandes emerxencias
- Elaboración dun documento de medidas políticas desde o traballo social para presentar aos partidos políticos que optan a representación no parlamento galego.
- Estabilidade laboral e dignificación profesional.
- Representar a profesión co debido rigor e calidez.

#### Actuacións realizadas

- Loita pola Titulación de Traballo social no proceso selectivo da Xunta de Galicia +info  
Se realizan diferentes reclamacións e alegacións a Función Pública e a Convocatoria
- Cobertura de prazas na area Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

Tras unha xuntanza mantida co COTSG o 15 de xaneiro de 2020 á Consellería de Sanidade – xerencia da área de sanidade de Pontevedra e o Salnés desenvolveu o proceso de cobertura de prazas sen cubrir de Traballo Social. As contratacións realizadas foron:

- Baixa laboral no Centro de Saúde de Marín
- Baixa laboral no centro de Saúde Virxe Peregrina
- Xubilación no Hospital Provincial de Pontevedra
- Xubilación no Centro de Saúde de Lerez
- Praza de nova creación no Centro de Saúde de Cambados

- Reunión mantida con Función Pública da Xunta de Galicia en relación ao proceso selectivo para o acceso a prazas de traballo social [+info](#).

As persoas asistentes foron José María Barreiro Díaz (director xeral de Función Pública), Subdirector Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, Antía Sobrino Bernaldo de Quirós (vicepresidenta do COTSG) e Julia Álvarez (Asesora xurídica do COTSG).

Na reunión abarcouse a solicitude de rectificación urxente da nota sobre as Titulacións na convocatoria de Servizos Sociais, recalando que Traballo social é unha profesión regulada; a valoración dos Cursos do COTSG para o proceso selectivo; identificar de xeito específico cales son as prazas convocadas; solicitar a aclaración da interpretación da base segunda que regula a Experiencia profesional como mérito valorable, xa que o COTSG entende que a experiencia profesional adquirida en calquera Administración debería ser valorada a 0.20 puntos por mes traballado; e finalmente, a nomenclatura da nosa profesión, sendo “Traballo social” e non “asistente social”.

- Reunión co Xerente da Axencia Galega de Emerxencias de Galicia (AXEGA)  
Se acorda unha proposta formativa desde o COTSG para as profesionais colexiadas que podan formar parte dun grupo de voluntariado de Traballo social no operativo de Grandes Emerxencias e Catástrofes.

- Reunión cos grupos políticos galegos que optan ao Parlamento

O COTSG reúne con todos os partidos políticos que concorren ás eleccións galegas para presentarlle as medidas elaboradas desde o COTSG e todas as eivas que deben mellorar.

- Escrito á Consellería de Política Social respecto á supervisión e ao reforzo imprescindible da figura da T.S tras as consecuencias socio-económicas da COVID – 19
- Reunión coa Dirección Xeral de Inclusión social de Galicia.

As compañeiras de Xunta de Goberno, Ana Vilar e Miriam Rodríguez e a técnica Nerea Fernández, xuntáronse con Política Social para pedir información sobre a implantación do Ingreso Mínimo e que vai ocorrer coa RISGA e as Rendas Municipais. O COTSG propuxo un modelo pioneiro e innovador de Servizos sociais onde se deixen de lado as cargas burocráticas e se poña atención na esencia do Traballo Social e a Intervención Comunitaria. Por outra banda, demandamos a creación dunha comisión que poida consensuar e reflexionar sobre un novo plantexamento dos SS.SS, plans de inclusión, RISGA, etc. Ademais, volvemos incidir na necesidade do cumprimento das ratios legais do persoal técnico e a contratación urxente e estable de traballadoras sociais ante esta crise da covid- 19 [\(+info\)](#).

- Documental de Vivenda. Pode verse [nesta ligazón](#)
- Alegacións ao borrado do Plan de Desescalada da COVID-19 en saúde, visibilizando a figura da/o traballadora/or social no eido sanitario.
- Participación na presentación do Plan de Saúde Mental de Galicia.

Presentan os proxectos incluídos no borrador do Plan, a calendarización, orzamentos, e recursos destinados á posta en marcha dos proxectos, como o aumento de prazas de Traballo social sanitario para saúde mental.

- **O COTSG mantivo unha xuntanza coa FEGAMP** na que se solicita que desde a FEGAMP se proceda instar a todas as entidades locais da Comunidade Autónoma a rexeitar que os servizos sociais comunitarios, asuman calquera proceso de xestión vencellado á tramitación de solicitudes do Ingreso Mínimo Vital (IMV) e a que, en paralelo, se reforcen os equipos de Traballadores/as sociais, mellorando as súas condicións laborais e se establezan fórmulas que permitan o uso eficiente das ferramentas de intervención profesional para ofrecer unha pronta actuación no eido social co fin de afrontar as necesidades xeradas ante esta situación de crise socio-sanitaria e económica.

## 6. COMISIÓN DEONTOLÓXICA

A Comisión deontolóxica é un órgano independente adscrito ao Colexio Oficial de Traballo social que ten como finalidade promover o compromiso ético das/os profesionais do traballo social, así como velar polo cumprimento do Código Deontolóxico. Entre os seus fins está o de preservar os valores e os principios do Traballo social e garantir unha boa praxe profesional e promover a cultura e a formación na deontoloxía profesional.

As estratexias da mesma para o 2020 son as seguintes:

- Creación de Xornadas de ética para promover á Comisión
- Acto de presentación público da Comisión e do seu Regulamento Interno
- Difundir a Comisión nas redes sociais: Facebook, Instagram
- Entrevista da Técnica de comunicación do COTSG a algún/ha compoñente da Comisión para difundir nas redes e continuar a poñer en valor a Comisión.
- Elaboración de Guías de boas prácticas
- Difusión do Regulamento da Comisión Deontolóxica

## 7. RELACIÓNS EXTERNAS

Esta liña é un dos principais fins do Colexio: a representación exclusiva da profesión no seu ámbito territorial e a defensa dos intereses profesionais da Colexición.

Desde o COTSG queremos incrementar a influencia profesional do Traballo social, posicionándonos desde un enfoque colaborativo, nunha situación relevante tanto ás organizacións profesionais, ás universidades, administracións e entidades.

Deste xeito, reforzamos a disciplina común desde os diferentes eidos especializados onde nos desempeñamos as/os traballadoras/es sociais. Os obxectivos nesta área serán:

- Reivindicación profesional con administracións e grupos político
- Presencia en órganos de representación o seguimento institucional
- Colaborar en distintos órganos consultivos, consellos ou outros instrumentos de cooperación entre administracións.
- Xerar unha rede coordinada de participación con entidades de terceiro sector, tecidos asociativos, plataformas sociais, e cidadás en defensa do estado de benestar.
- Establecer acordos, convenios de colaboración con entidades e administracións.
- Coordinación na defensa da profesión e elaboración de documentos susceptibles de

### 7.1. Con institucións

Actuacións realizadas:

- Asistencia á sesión plenaria de Constitución do Consello sectorial de Inclusión social do Concello de A Coruña
- Participación no Consello Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención de Condutas suicidas.

### 7.2 Intercolexiais

- Vídeo do coloquio do Acto de Concepción Arenal en colaboración co Consejo estatal de Trabajo social [+info](#)
- Xuntanza co Colexio De Educación social para traballar conxuntamente na incorporación das figuras do Traballo social e Educación social nos Centros de Información ás mulleres.

### 7.3 Con Universidades

- Colaborar coa Escola de Traballo social de Santiago de Compostela e a Facultade de Traballo Social de Ourense para fomentar a participación do alumnado
- Coordinar e facilitar a posta en marcha de novas propostas e de interese común e de traballo conxunto entre ambas Universidades

#### Actuacións realizadas:

- Colaboración coa Universidade de Vigo na difusión do estudo universitario sobre a avaliación da situación do “Acoso sexual y acoso por Razón de sexo de las y los profesionales del Trabajo social”
- Preparación do Día Mundial do Traballo social (adiado pola situación do COVID-19) en colaboración coa Universidade de Vigo e a Facultade de Traballo social de Ourense
- Participación do COTSG nas 1<sup>as</sup> Xornadas de Traballo social e Feminismos da Escola Universitaria de Trabalo Social de Galicia



### 7.4 Colexición

- Colaborar con outros colexios profesionais, asociacións, sindicatos, para manter propostas que melloren as condicións da nosa profesión nos distintos convenios laborais

#### Actuacións realizadas:

- Posta en marcha do concurso de “Fotografía social” co animo de promover e difundir o eido social en Galicia [+info.](#)

## 8. FORMACIÓN

Este documento recolle a proposta de actividades formativas para desenvolver desde o COTSG ao longo do ano 2020 atendendo aos obxectivos fixados desde a área de Formación.

### I. OBXECTIVOS

**Xeral:** Promover e facilitar una oferta formativa de calidade para a colexiación.

#### Específicos:

- Elaborar unha oferta formativa que combine os intereses da colexiación e as áreas de carácter innovador e/ou estratéxico establecidas desde o Colexio, o máis vantaxosa posible para a colexiación desde o punto de vista económico.
- Establecer e/ou renovar convenios de colaboración con entidades cara a conseguir a financiación de accións formativas e/ou proxectos de interese para o Colexio.
- Promover o recoñecemento polas Administracións Públicas da formación impartida desde o Colexio.
- Explorar vías de colaboración con Universidades ou outras Administracións Públicas cara a conseguir que a formación impartida teña recoñecemento oficial.
- Potenciar a difusión da formación mediante a identificación de novas canles, ferramentas, entidades, etc para chegar a un número maior de potenciais persoas destinatarias.
- Levar a cabo unha campaña de captación de patrocinadores con potencial de financiación para as actividades do COTSG (do eido social, empresas prestadoras de SS.SS, outras empresas).
- Estudiar as posibilidades de ofertar desde o Colexio formación bonificada pola FUNDAE.

### II. TIPOLOXÍA DA FORMACIÓN

As actividades de formación están propostas atendendo á seguinte distribución:

- **Cursos Básicos**, que se corresponderían coas accións formativas **propostas pola colexiación** a través da **convocatoria de Teleformación 2020**. Son accións de carácter básico, non especializado, que se desenvolven na modalidade de teleformación. Teñen como obxectivo favorecer a accesibilidade á formación das persoas colexiadas a través dun sistema flexible que permite conciliar a vida laboral, familiar e formativa. Esta formación vai dirixida, principalmente, ás persoas recentemente colexiadas, tituladas ou ás que se atopan en situación de desemprego de cara a ampliar a súa formación e os posibles campos de traballo, conxugando a formación demandada a un custo asequible. En paralelo, tamén se consegue promover a participación das persoas colexiadas na práctica docente.
- **Formación programada desde o COTSG:** Formación de carácter especializado, tendo en conta as propostas da colexiación, as necesidades estratéxicas do colectivo e as propostas innovadoras que se estén a realizar para o Traballo Social.

Para o seu deseño tivéronse en conta, por unha banda, as demandas formativas trasladadas pola colexiación ao longo do ano 2019 a través dos resultados dos cuestionarios de avaliación das accións formativas desenvolvidas e tamén tendo en conta os resultados da Enquisa de Necesidades Formativas realizada en febreiro de 2019 (Ver Anexos 1 e 2, respectivamente).

Por outra banda, desde o COTSG identificáronse as seguintes áreas de interese para a profesión ás que se trata de dar resposta coas propostas formativas recollidas neste documento:

- o Familia, infancia, xuventude e comunidade
- o Vellez, dependencia e discapacidade
- o Inclusión e colectivos en situación de vulnerabilidade
- o Muller e igualdade
- o Saúde e traballo social clínico
- o Emprego e orientación laboral
- o Xestión e planificación. Instrumentos e ferramentas de intervención social.
- o Ética e deontoloxía
- o Outros eidos de intervención: Xustiza, Mediación, RSC, marketing social, ...

Esta formación pódese dividir en:

- **Formación Estratéxica**, esto é, formación **especializada** en áreas ou materias de interese profesional amplo, en modalidade semipresencial para incrementar a calidade e a un custo non excesivamente elevado. No caso de que a temática sexa considerada de especial interese, o COTSG podería valorar a realización da mesma con **fondos propios** ou **de xeito cofinanciado**.
- **Formación convenida ou en colaboración**: Formación especializada subvencionada por entidades externas (Administracións Públicas, institucións ou empresas), tamén en modalidade semipresencial e cunha duración maior ca anterior.
- **Xornadas e Pílulas formativas**: As xornadas xurden, ben a proposta do Colexio, ou ben a promovidas polos Grupos de Traballo; neste caso, desde o Colexio préstalles apoio técnico no desenvolvemento da xornada así coma apoio económico. As pílulas formativas están pensadas para afondar en temáticas concretas e adquirir en pouco tempo coñecementos específicos.
- **Encontros Virtuais [FALANDO DE TRABALLO SOCIAL e COVID-19]** pretenden ser un espazo de encontro e diálogo entre os e as profesionais do Traballo Social de Galicia para compartir coñecementos, experiencias e boas prácticas, no que participan profesionais vinculados a diversos eidos de intervención e que serven, á súa vez, para crear rede e achegar o Colexio aos profesionais.
- **Formación interna**: Para que os/as profesionais que desenvolven no Colexio a súa labor podan ampliar a formación e estar actualizados/as, realizando accións formativas adaptadas ás necesidades identificadas e aos obxectivos da entidade. Unha vía para levar a cabo esta formación é a través do crédito dispoñible na bonificación das cuotas da Seguridade Social dos traballadores, a través da FUNDAE.

Trala situación de **crise sanitaria**, iniciada en marzo de 2020, reorganizáronse as propostas formativas baixo os seguintes criterios:

- Da formación prevista, priorizar aquelas formacións que resulten de maior interese para responder á demanda actual.
- Identificar novos contidos formativos tendo en conta o contexto actual.
- Respecto á modalidade formativa e, ante a inexistencia de garantías para programar sesións de formación presencial ao longo do ano 2020, optouse por reorientar esta formación á modalidade de videoconferencia.

## I. CURSOS BÁSICOS (TELEFORMACIÓN)

As propostas recibidas e aprobadas na Convocatoria de Teleformación 2020 son as seguintes:

CURSO	HORAS	DOCENTES	ESTADO
Deseño de proxectos socioeducativos con perspectiva de xénero desde Traballo Social	30	Diana Morela Escobar. Col. 3769	PROGRAMADO 14 setembro- 30 outubro
Afrontamento de problemas de índole psicosocial en neonatoloxía	50	Ricardo Casanova. Col.3119. Jésica Rodríguez. Psicóloga	REALIZADO 16 marzo-12 xuño
Intervención con persoas con discapacidade desde unha perspectiva comunitaria	100	Mª Eugenia Veloso. Colex. 1693.	REALIZADO 17 febreiro-15 maio
Traballo social e migracións	100	Saray Durán. Col. 2767 Carlos Villar. Avogado	EN REALIZACIÓN 04 maio-29 xullo
Traballo social e atención integral centrada na persoa	100	Victoria Abadía. Col.2533	EN REALIZACIÓN 15 xuño-30 outubro

## II. CURSOS ESTRATÉXICOS

CURSO	MODALIDADE	HORAS	DOCENTES	ESTADO
Intervención social con colectivos LGTBIQ	Semipresencial	27	Miguel Vieito (Arelas) Iago Legaspi. Col.2506 Lorena Boquete (AGASEX)	REALIZADO 20 xaneiro 2020-10 febreiro 2020
Obreiroiro resolución casos prácticos	Semipresencial	25	Ana Mosquera (Col.1138) Cristina Paz (Col.697) Berta Conde (Col.2013) Ana Aldrey (Col. 789) Mónica Rodríguez (Col. 752)	EN REALIZACIÓN 02 marzo 2020-24 marzo 2020 (Adiadas 3 sesións presenciais por mor da crise sanitaria. Reprogramado para Setembro 2020)
Introducción á Ética da Intervención Social	Semipresencial	60	Jose Antonio Seoane-UDC	EN REALIZACIÓN 26 setembro 2019-25 xuño 2020 (Adiadas 2 sesións presenciais por mor da crise sanitaria. Reprogramar)
Encarceramento de mulleres e Traballo Social. Unha análise desde a perspectiva de xénero	Online	50	Ana López Cano-T.Social (Periféricas)	REALIZADO 01 abril 2020-24 maio de 2020
Abordaxe do T.Social Forense con menores. Ámbitos civil e penal.	Semipresencial	50	Flor Redondo. T. Social Forense	PROGRAMADO 13 outubro 2020-13 novembro 2020
Desenvolvemento de LÍDERES eficaces	Presencial (Videoconferencia)	18	Impicatum	REALIZADO 26 maio 2020-12 xuño 2020
Estar ben para actuar mellor. Autoconciencia profesional na intervención social.	Online	40	David Mustieles.Traballador Social, Formador (Hacerlo Bien)	EN REALIZACION 08 xuño 2020-15 xullo 2020



25

CURSO	MODALIDADE	HORAS	DOCENTES	ESTADO
Marketing social e xestión de redes sociais	Sempresencial	50	Varias propostas. Pdte. Elección.	PROGRAMADO inicialmente para 2º semestre 2020. Solicitada subvención á Deputación da Coruña. POSPOÑER ata ter a resolución.
Avaliación Impacto Social Proxectos	Sempresencial	40	Eis Method	PROGRAMADO inicialmente para 2º semestre 2020. Solicitada subvención á Deputación da Coruña. POSPOÑER ata ter a resolución.
Diagnóstico Social	En life	100	Jonathan Regalado	PROGRAMADO inicialmente para 2º semestre 2020. Solicitada subvención á Deputación da Coruña. POSPOÑER ata ter a resolución.
Xestión de SAJ	Sempresencial	50	Pdte.	Previsto para 2º semestre 2020. Solicitada financiación á D.X. Inclusión
Intervención sociocomunitaria en Saúde Mental e Inclusión	Sempresencial	50	Raquel Millán/Concha Vicente?	Previsto para 2º semestre 2020. Solicitada financiación á D.X. Inclusión
Mulleres sen fogar e feminización da pobreza	Sempresencial	50	Varias propostas. Pdte. Elección	Previsto para 2º semestre 2020. Solicitada financiación á D.X. Inclusión
Atención vítimas VX desde os SS.SS comunitarios	Sempresencial	100	Raquel Millán	Elaborada proposta para solicitar financiación á S.X. Igualdade. Previsto para 2º semestre 2020. POSPOÑER ata ver posibilidades financiación.
Feminismos diversos: da teoría ao cambio social	Sempresencial	30	Periféricas	Elaborada proposta para solicitar financiación á S.X. Igualdade. Previsto para 2º semestre 2020. Non prioritario. POSPOÑER ata ver posibilidades financiación.
Tipos de violencia contra as mulleres	Sempresencial	50	Periféricas	Elaborada proposta para solicitar financiación á S.X. Igualdade. Previsto para 2º semestre 2020. POSPOÑER ata ver posibilidades financiación.

### III. ENCONTROS VIRTUAIS

ENCONTROS VIRTUAIS	HORA S	LUGAR	PERSONAS DESTINATARIAS	DOCENTES / PONENTES	ESTADO
Ingreso Mínimo Vital	1,5	Online	Colexiados/as	Belén Navarro / Miriam Rodríguez	REALIZADA 27/05/2020
SS.SS Comunitarios e fronte á COVID 19: Chove sobre mollado	1,5	Online	Colexiados/as	Ana Vilar/ Jesús Tato /Jonathan Añón / Silvia Sanjurjo	REALIZADA 29/05/2020
Autocoidado profesional ante situacións de emerxencia	1,5	Online	Colexiados/as	Chus Olivares / Ana Rodríguez	REALIZADA 02/06/2020
Impacto da Covid 19 nas persoas sen fogar	1,5	Online	Colexiados/as	Arturo Coego / Miriam Rodríguez	REALIZADA 03/06/2020
Adiccións e coronavirus. Intervención social con persoas que sofren alcoholismo e outras adiccións condutuais.	1,5	Online	Colexiados/as	Marisa Pardal /Nuria Dávila/ Sonia Pico/ Mapi Lema	REALIZADA 10/06/2020
Traballo Social e Medioambiente	1,5	Online	Colexiados/as	Marta Pernas / Andrea Alfaya/ Francisco Aguirre	REALIZADA 16/06/2020
Dependencia e COVID-19	1,5	Online	Colexiados/as	Ricardo Fra / Cristina Bouzada/ Ana Rodríguez	REALIZADA 17/06/2020

### IV. PROPOSTA DE XORNADAS/PILULAS FORMATIVAS

PILULAS / XORNADAS	HORA S	LUGAR	PERSONAS DESTINATARIAS	DOCENTES / PONENTES	ESTADO
Oportunidades do T. Social na Mediación	3	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Mª Jesús Fernández (ProMediación)	REALIZADA 21/01/2020
Pílula formativa Fiscalidade e Facturación_1ª ED.	4	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Rafael Vázquez Marta Carro	REALIZADA 03/03/2020
Pílula formativa Dereitos laborais en tempos de coronavirus	1,5	Online	Colexiados/as	Julia Álvarez	REALIZADA 23/04/2020
Pílula formativa Xestión de redes sociais no momento actual	4	Online	Colexiados/as	Sara Torreiro	REALIZADA 12/05/2020
Pílula formativa MATIASS	3	Online	Colexiados/as	Ana Fungueiriño (COTSG)	REALIZADA 03/06/2020
Pílula formativa Fiscalidade e Facturación_2ª ED.	3	Online	Colexiados/as	Rafael Vázquez Marta Carro	REALIZADA 09 xuño 2020
Pílula formativa Tribunais e Procesos selectivos	4	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Paula Vázquez Carrasco. Secretaria de Admón. Local (Concello Ferrol)	POSPOSTA Preferentemente en modalidade presencial.
Pílula formativa Informe Pericial Social	3	Santiago de Compostela	Precolex. e Alumnado EUTS	Mabel Hermida	POSPOSTA para setembro 2020.
Pílula formativa MATIASS	3	Santiago de Compostela	Precolex. e Alumnado EUTS	Ana Fungueiriño (COTSG)	POSPOSTA para setembro 2020.
Pílula formativa en autodefensa laboral- Sector Privado	3	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Julia Álvarez	POSPOSTA. Preferentemente en modalidade presencial.
Pílula formativa en autodefensa laboral- Sector Público	3	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Julia Álvarez	POSPOSTA. Preferentemente en modalidade presencial.
Cooperación ao Desenvolvemento	2	Santiago de Compostela	Colexiados/as, precolexiados/a, outros profesionais	Marie Charlotte Bisson	POSPOSTA
Pílula formativa en autodefensa laboral- Sector Privado	3	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Julia Álvarez	POSPOSTA. Preferentemente en modalidade presencial.
Pílula formativa en autodefensa laboral- Sector Público	3	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Julia Álvarez	POSPOSTA. Preferentemente en modalidade presencial.
Cooperación ao Desenvolvemento	2	Santiago de Compostela	Colexiados/as, precolexiados/a, outros profesionais	Marie Charlotte Bisson	POSPOSTA
Pílula formativa Mesas Contratación	4	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Paula Vázquez Carrasco. Secretaria de Admón. Local (Concello Ferrol)	POSPOSTA Preferentemente en modalidade presencial.
Pílula formativa Fiscalidade e Facturación_3ª ED.	4	Santiago de Compostela	Colexiados/as	Pdte.	Novembro 2020 (se hai demanda)
Pílula formativa MATIASS_OURENSE	3	Ourense	Precolex. e Alumnado	Ana Fungueiriño (COTSG)	POSPOSTA
Cooperación ao Desenvolvemento_OURENSE	2	Ourense	Colexiados/as, precolexiados/a, outros profesionais	Marie Charlotte Bisson	POSPOSTA
Xornada de T.Social en Cooperación ao Desenvolvemento desde unha perspectiva de Xénero. (Solicitude Subvención Mª AAEE e Cooperación)	8	Santiago de Compostela	Colexiados/as, precolexiados/a, outros profesionais	Pdte.	DENEGADA
Xornada T.Social e Saúde	8	Ourense	Colex. e Precolex.	Promovida polo GT Traballo Social e Saúde Celsa Perdig	12/11/2020

### V. PROPOSTA DE FORMACIÓN EN COLABORACIÓN

CURSO	MODALIDADE	HORAS	DOCENTES	ESTADO
Intervención en Violencia de Xénero	Presencial	Pdte.	Pdte.	Formación específica para profesionais da Quenda de V.X- Pdte. SX Igualdade.
Traballo Social en Urxencias e Grandes Emerxencias	Por determinar	Pdte.	Pdte.	Pdte. AXEGA

### VI. FORMACIÓN INTERNA

TEMATICAS	MODALIDADE	HORAS	PERSOAS DESTINATARIAS	POTENCIAIS DOCENTES	ESTADO
Desenvolvemento de EQUIPOS eficaces	Presencial	21	Persoal do COTSG-XG	Implicatum	2º semestre 2020

### VII. OUTRAS ACTIVIDADES

#### 1. Entrega dos Premios DMTS 2020 e lanzamento da convocatoria 2021

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) abriu o 4 de decembro a convocatoria para a presentación de candidaturas, atendendo a 3 modalidades: Boas Prácticas, Investigación e TFG-TFM.

Pechado o prazo de presentación de propostas, o 31 de xaneiro de 2020 recibíronse un total de 5 propostas (1 Boas Prácticas e 4 TFG-TFM).

Trala valoración do xurado, resultaron premiadas as seguintes candidaturas:

- **Modalidade Investigación: “Achegas sobre o colectivo de Persoas Xordas para una intervención sociocultural en Traballo Social”** presentada por **Leticia González Mosquera** (colexiada nº 2859) que acadou unha puntuación de 78,02 puntos sobre 100.
- **Modalidade Traballo de Fin de Grao (TFG) ou Traballo de Fin de Máster (TFM): “Calidade da vida laboral nos servizos sociais e prevención de riscos laborais ”** presentado por **Isabel Piñeiro Portela** (colexiada nº 1626).

A entrega de premios estaba previsto que se levase a cabo o 17 de marzo, no marco do **Día Mundial do Traballo Social 2020, que tivo que ser adiado.**

Por outra banda, en novembro de 2020 levarase a cabo a **convocatoria de Premios do DMTS para 2021.**

### 2. Impartición do Obradoiro de Proxectos Europeos na EUTS

Seguindo a dinámica de anos anteriores, o 10 de xuño de 2020 está prevista a impartición na EUTS do Obradoiro de Proxectos Europeos, por parte da Técnica de Formación do COTSG, no que se presentan as principais liñas de financiación existentes a nivel europeo para entidades do eido social. A sesión realizarase en modalidade online.

### 3. Presentación do servizo de Formación do COTSG na EUTS e na Facultade de T.S de Ourense

Levarase a cabo de xeito online nas seguintes datas previstas:

EUTS: 10 de xuño de 2020

Facultade de T.S de Ourense: 11 de xuño de 2020

### 4. Presentación do servizo de Formación do COTSG na UNED.

Estaba prevista a asistencia á Feira de Emprego da UNED en xuño 2020, que previsiblemente se adie ou se cancele.

### 5. Preparación e xestión da Convocatoria de Cursos de Teleformación 2021

Previsiblemente, en outubro de 2020 abrirase a convocatoria de propostas para o ano 2021.

### 6. Elaboración e redacción de subvencións e propostas.

Ata o momento, no ano 2020, elaboráronse as seguintes propostas e/ou subvencións:

PROPOSTA / SUBVENCIÓN	CONVOCATORIA	ENTIDADE	ESTADO
Programa de Formación Contínua para profesionais do Traballo Social en Exercizo Libre	Convocatoria do programa de subvencións a entidades para actividades de promoción económica durante o ano 2020 (FOE-NAA/2020)	Deputación da Coruña	Pdte. Resolución
Programa de Formación Especializada para Traballadores/as Sociais de SS.SS Comunitarios	Proposta	D. X. Inclusión	Presentada e pdte. Resolución.
Itinerario Formativo en Actuación e Prevención da Violencia de Xénero para Traballadores/as Sociais de SS.SS Comunitarios	Proposta	S.X. Igualdade	Redactada, pendente de presentación.

### 7. Asesoramento en materia de formación e difusión de accións formativas de interese para a colexiación

- Atención, resolución e contestación das consultas relativas á formación COTSG e á formación externa.
- Atención e resolución de consultas individualizadas sobre formación en xeral: cursos de interese por temáticas formativas, ...

### 8. Fío\_Formación

Elaboración dos contidos semanais de Formación para o Fío.

### VIII. BALANCE ECONÓMICO

O balance económico das accións formativas realizadas e en realización, ata o 15 de abril de 2020 é o seguinte:

ACCIÓNS FORMATIVAS 2020			
Curso	Horas Totais	Alumnado	Balance
Afrontamento de problemas de índole psico-social en neonatoloxía.	50	Inscricións 28	507,80 €
		Asistentes	
		Grao de satisfacción	
Intervención con persoas con discapacidade desde unha perspectiva comunitaria	100	Inscricións 23	566,80 €
		Asistentes	
		Grao de satisfacción	
Intervención social con colectivos LGTBIQ. Abordaxe desde o Traballo Social	27	Inscricións 14	-545,56 €
		Asistentes 13	
		Grao de satisfacción 8,8	
Ética	60	Inscricións 31	5.334,58 €
		Asistentes	
		Grao de satisfacción	
Obradoiro Resolución de Casos Prácticos	25	Inscricións 22	653,40 €
		Asistentes	
		Grao de satisfacción	
Encarceramento de mulleres e Traballo Social. Unha análise desde a perspectiva de xénero	50	Inscricións 28	596,19 €
		Asistentes	
		Grao de satisfacción	
			7.113,21
XORNADAS 2020			
Xornadas	Horas	Alumnado	Balance
Charra-coloquio "Oportunidades do Traballo Social na Mediación"	2	Inscricións 22	0,00 €
		Asistentes 20	
		Grao de satisfacción 8,6	
Pílula formativa Fiscalidade e Facturación_1º ED.	4	Inscricións 21	-175,00 €
		Asistentes 15	
		Grao de satisfacción	
			-175,00

**NOTA sobre Balance CON Convenio Curso Ética:** O importe do Convenio coa Xunta (Curso Ética) para os anos 2019-2020 ascende a 12.039,98€.

Total INGRESOS	Total GASTOS
17.097,58 €	10.159,37 €
<b>Balance CON Convenio XUNTA -ETICA 6.938,21 €</b>	

Total INGRESOS	Total GASTOS
7.740,00 €	6.136,37 €
<b>Balance SIN Convenio XUNTA -ETICA 1.603,63 €</b>	

Para o ano 2020:

-Pendentes de ingreso 9.357,58€

-Pagado á UDC:2.011€

-Pendente de pago á UDC:2.011€

### IX. PROPOSTA DE INDICADORES DE AVALIACIÓN

- N° de accións de formación realizadas
- N° de cursos realizados
- N° de xornadas realizadas
- N° de píululas formativas realizadas
- N° de accións realizadas en modalidade de teleformación
- N° de accións realizadas en modalidade semipresencial
- N° de accións realizadas en modalidade presencial
- N° de accións de formación canceladas
- N° de persoas inscritas
- N° de persoas participantes
- N° de horas de formación impartidas
- N° de docentes/ponentes participantes
- Grao de satisfacción da formación segundo as persoas participantes
- Ingresos recibidos
- Gasto realizado

## ANEXOS

### ANEXO I: RESULTADOS ENQUISA NECESIDADES FORMATIVAS 2019 (\*)

A formación máis demandada polas persoas colexiadas que participaron na enquisa é a de:

- Resolución de casos prácticos nos servizos sociais comunitarios (121 respostas)
- SIUSS, MATIASS e Historia Social Única Electrónica (108 respostas)
- Dependencia (108 respostas)
- Instrumentos e ferramentas na profesión do Traballo Social (108 respostas)
- Inclusión (84 respostas)
- Mediación (83 respostas)
- Peritaxe social (79 respostas)
- Xénero (79 respostas)
- Metodoloxía en traballo social (76 respostas)
- Empoderamento/Motivación/Comunicación (75 respostas)
- Migracións (74 respostas).

(\*) Información extraída da Enquisa de Necesidades de Formación 2019

### ANEXO II: DEMANDAS FORMATIVAS RECOLLIDAS EN 2019

DEMANDAS REXISTRADAS EN 2019 (*)	Nº
<b>PERITAXE SOCIAL</b>	<b>5</b>
<b>MENORES</b>	<b>5</b>
Métodos de intervención y prevención con menores y familias. Cursos de formación para traballadores sociais nas escolas. Curso sobre menores desfavorecidos y/o problemáticos. Traballo con adolescentes Intervención con familias e menores. Sororidade profesional	
<b>IGUALDADE E XÉNERO</b>	<b>10</b>
Prostitución/trata de seres humanos (intervención) Cursos con contidos en casos prácticos que profundicen en materia de xénero e noutras áreas profesionais. Cursos sobre perspectiva de xénero e igualdade Axente de igualdade Cursos relacionados coa intervención enfocada cara ao maltratador/machista Relacionados coa violencia de xénero Práctica na atención de emerxencia a vítimas de violencia de xénero. SESIÓNS DE SUPERVISIÓN PROFESIONAL PARA A QUENDA violencia relacionada con trata	((2))
<b>MAIORES -DEPENDENCIA- DISCAP</b>	<b>5</b>
Algún curso sobre discapacidade e dependencia Atención centrada na Persoa Podería estar ben algún curso sobre prestacións para persoas maiores	((3))
<b>INCLUSIÓN SOCIAL</b>	<b>10</b>
Refuxiados	

emigración trata de persoas. trata de persoas. - Algún curso centrado no dereito á asistencia sanitaria, temas e tarxeta, facturas.... Inmigración y victima de tratas Drogodependencias. Prevención en Alcoholismo intervención en emerxencias ou catástrofes Cursos de atención en situacións de emerxencia , de todo tipo MODELOS DE INTERVENCIÓN CON PERSONAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN RESIDENCIAL SEVERA. HOUSING FIRST.	
<b>FERRAMENTAS-CASOS PRÁCTICOS-XESTIÓN</b>	<b>16</b>
Resolución de casos prácticos, aplicación de protocolos Traballo con expedientes de intervención INFORME SOCIAL Os sistemas de calidade nos servizos sociais. Marcos legais dos distintos sectores: maiores, muller, infancia, voluntariado, adiccións, saúde mental Procedementos da Admón electrónica e as aplicacións en relación ao traballo social en entidades e Admóns. Iniciación á xestión de centros.	((4)) ((2))
SAF Diagnóstico social RISGA Plan Concertado	((2))
<b>OUTROS:</b>	<b>19</b>
Novas ferramentas que se poden aplicar á intervención social ( Lego, Coaching, ...) Coaching Protección de datos Terapia asistida con animais/ mindfulness Terapia familiar Conciliación Supervisión Inglés enfocado ao traballo social. Creatividade na intervención social- Intelixencia emocional, xestión de emocións, Burn-out	((2)) ((3))
LENGUAXE DE SIGNOS Mediación RSC LGTB Prevención do suicidio Saúde Mental	((2))
(*) NOTA: Datos extraídos dos cuestionarios de avaliación dos cursos impartidos polo COTSG durante o ano 2019.	

### 9. FEMINISMO E TRABALLO SOCIAL

O Obxectivo principal é potenciar o activismo social en igualdade dentro da profesión. Asemade, pretendemos acercar, a nivel práctico, o papel que o Traballo social está asumindo ante a desigualdade de xénero.

Para elo, pretendemos visibilizar as situacións de desigualdade, analizar manifestacións sexistas e afondar no orixe das mesmas, cuestionando as estruturas sociais que as sosteñen, debe formar parte do eido práctico e investigador de esta profesión.

As estratexias a seguir:

- Creación do Grupo de Traballo social e feminismo potenciando o activismo social en igualdade dentro da profesión (8 de marzo, 25 de novembro, etc)
- Achegar a perspectiva de Xénero aos proxectos profesionais e as políticas sociais.
- Implementar a figura do Traballo Social nos Centros de Información á Muller na Comunidade autónoma de Galicia
- Conmemorar o aniversario de Concepción Arenal xunto co Consello Xeral de Traballo Social

Actuacións realizadas

- **Celebración dos 200 anos de Concepción Arenal nun Acto-homenaxe en Colaboración co Consello estatal de Traballo Social [+info](#)**

Acto conmemorativo do 200 aniversario do nacemento de Concepción Arenal que tivo lugar no Palacio María Pita (Sala Dourada) na Coruña que organiza o Consello General del Trabajo Social e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.



A presidenta do Consello Xeral de Traballo Social, Emilianita Vicente, o autor Francisco Idareta, a Profesora titular da Universidade de Zaragoza, M<sup>a</sup> José la Calzada e a compañeira Traballadora social e feminista, Luz Campello, se reunen para debater sobre a vida de Concepción Arenal como muller e como a nosa precursora.

- **Asistencia á Presentación da Guía de Recursos da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral de Igualdade**
- **Presentación da Quenda de Garda social especializada e permanente en Violencia de Xénero no Parlamento Europeo – Bruselas.**

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia gaña o Premio de “Boas Prácticas” do Consello General de Trabajo Social para acudir ao Parlamento e presentar o proxecto.



- Participación da Xunta de Goberno e Grupo de T.S e feminismo na manifestación feminista do 8 de marzo en Santiago de Compostela



### 10. TRABALLO SOCIAL E MEDIOAMBIENTE

É unha realidade que a progresiva degradación do medio ambiente é un problema ao que se enfrenta a humanidade nos últimos anos. Asemade, factores como o esgotamento dos recursos naturais, os enormes desequilibrios territoriais, a superpoboación de algunhas zonas do planeta, a concentración urbana, a fame e a desnutrición, a contaminación (chán, aire, auga), a crise enerxética, os desastres ecolóxicos, a desertización, a deforestación e a extinción de especies animais e vexetais, entre outros, visibiliza mais abondo a destrución do entorno do que formamos parte.

Por tal motivo, é imprescindible de que unha das estratexias do COTGS sexa visibilizar o desenvolvemento social sostible desde o Traballo social.

Finalmente, o día Mundial do Traballo social (adiado tras as medidas adoptadas polo COVID-19) será adicado integramente ao Medio ambiente e a visibilizar proxectos sociais sostibles.



### 11. TRABALLO SOCIAL E EDUCACIÓN

O COTSG quere visibilizar neste momento de crise socio-económica provocada polas consecuencias da COVID-19 a necesidade de implantar a figura do Traballo Social nos Centros Educativos.

O Traballo Social Educativo é fundamental para mellorar as posibilidades de aprendizaxe do alumnado, reducir o efecto das desigualdades socioeconómicas entre o alumnado, diminuír o risco de fracaso e abandono escolar do alumnado máis desfavorecido, favorecer a integración do alumnado migrante ou pertencentes a minorías, mediar entre a familia e a escola, favorecer a participación das familias, abordar as situacións de conflito entre alumnos, orientar e asesorar ao profesorado e ao centro educativo achegando a perspectiva social. En conclusión, a misión do traballo social no ámbito educativo é responder ás necesidades do alumnado que se atope en vulnerabilidade por calquera circunstancia á vez que abordar os aspectos relacionados coa convivencia. Todo iso desde un enfoque tanto individual como familiar e grupal. Desde accións de prevención, detección, avaliación, intervención e seguimento, establecendo a coordinación precisa cos distintos profesionais e recursos comunitarios.

Para elo, os obxectivos a levar a cabo son os seguintes:

- Fomentar a actividade do Grupo de Traballo en Educación
- Visibilizar a figura do Traballo social educativo a través do Grupo de Traballo en Educación e mediante campañas nas RR.SS.
- Incluír a figura do Traballo social nos equipos interdisciplinares dos Centros Educativos para intervir sobre todos os axentes da comunidade educativa
- Garantir esta figura profesional nos centros de acción educativa singular, centros de Educación especial e aqueles que polas súas características e especial dificultade o requiran
- Aumentar os ratios profesionais:
  - o 1 Traballadora/or social por centro educativo
  - o 1 Traballadora/or social por cada equipo multidisciplinar

### 12. TRABALLO SOCIAL SANITARIO

Desde o Colexio Oficial de Traballo social de Galicia, consideramos que é preciso contribuír que as novas normativas que regulen o acceso á asistencia sanitaria e á protección da saúde o fagan desde o recoñecemento deste dereito básico e universal. Todo isto en igualdade con outros dereitos e servizos e por uso debe traballarse na vertebración do sistema sociosanitario, actualmente moi desartellado no noso territorio.

Dentro dos obxectivos nesta área:

- Loitar na cobertura de vacantes e paralización de amortización de prazas de Traballo Social no eido da saúde.
- Conseguir máis presenza e contribución das e dos profesionais do Traballo social, tanto na atención primaria como na especializada
- Apostar por Direccións ou Subdireccións de Procesos Sociais Sanitarios que potencien o Traballo Social como recurso especializado no eido da saúde, como xa se está a plantexar noutras Comunidades Autónomas
- Coordinación eficaz e imprescindible co Sistema de Servizos Sociais comunitarios
- Conseguir dotación orzamentaria e de contido para o Plan Sociosanitario
- Garantir un servizo de atención domiciliaria para persoas en risco e alta vulnerabilidade con problemas de saúde mental nos que os e as traballadores/as sociais poidan avaliar os factores de risco e a evolución dos pacientes
- Aumentar os ratios profesionais no eido da saúde:
  - o 1 Traballadora/or por equipo de atención primaria

- o 1 Traballadora/or en centro hospitalario por cada 40 camas e 70 consultas
- o 1 Traballadora/or social en cada Unidade de Apoio dos centros de saúde mental, nos servizos de atención e seguimento ás adicións e nos centros de saúde sexual e reprodutiva
- o 1 Traballadora/or social nos equipos de cuidados paliativos

### 13. TRABALLO SOCIAL E COMUNITARIOS

A importancia e necesidade do persoal técnico dos Servizos Sociais dentro da crise de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, foi plenamente confirmada pola publicación no Boletín Oficial do Estado o pasado día 26 de marzo de 2020 da Orde SND/295/2020 pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19. A Orde declara aos Servizos Sociais como esenciais en todo o territorio nacional, como medida para protexer o benestar, a saúde e a seguridade da cidadanía na loita contra a COVID-19. Entendendo por servizos esenciais os necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas: a saúde, a seguridade, o benestar social e económico da cidadanía e o eficaz funcionamento das institucións do Estado e as Administracións Públicas.

Tras o coñecemento da situación de deterioro que están a ter os Servizos sociais comunitarios, o COTSG considera imprescindible avanzar a un sistema de servizos sociais baseado nas necesidades sociais de todas as persoas. É esencial reforzar o sistema de servizos sociais galegos, pois é un servizo de proximidade á cidadanía e pode concentrar intervencións integrais para cada situación.

Neste senso, os obxectivos a acadar son os seguintes:

- Aumentar ratios de persoal para reducir a burocracia e fomentar a intervención. Reivindicamos os ratios recomendados desde o máximo Órgano Estatal, o Consejo General de Trabajo social:
  - o 1 Traballadora/or social por 1700 habitantes
  - o 1 Centro de Servizos Sociais por cada 15.000 habitantes
  - o 1 Traballadora/or social en todos os equipos de valoración
- Reclamar e revisar os convenios e categorías profesionais, garantindo emprego e salarios dignos
- Lograr a diminución do tempo de resolución das prestacións ao prazo máximo de 1 mes
- Reivindicar como reserva de actividade das e dos traballadores sociais proporcionar un diagnóstico social e un ditame propio, sendo instrumentos exclusivos do Traballo Social, para a valoración, intervención e emisión de informes sociais coas persoas usuarias de Servizos Sociais.
- Loitar pola unificación das ferramentas telemáticas co obxecto de evitar duplicidades da información, que é de especial protección segundo a lexislación en materia de protección de datos.
- Incidir na importancia de perfís profesionais diferenciados, cada un deles actuando e intervindo segundo a súa función dentro dos equipos interdisciplinares

- Instar a todas as entidades locais da Comunidade Autónoma a rexeitar que os servizos sociais comunitarios, asuman calquera proceso de xestión vencellado á tramitación de solicitudes do Ingreso Mínimo Vital (IMV) (engadir comunicado).

### 14. ASESORÍA XURÍDICA E LABORAL

O Colexio Oficial de Traballo Social ofrece un asesoramento xurídico - laboral ás persoas colexiadas para a resolución de calquera tipo de consulta legal relacionada co exercicio da súa profesión nas materias laborais, administrativas, civís e penais. Tendo especial incidencia asuntos relacionados coa protección de datos, condicións laborais, segredo profesional, dereitos e deberes das persoas usuarias, dereitos e deberes das/os profesionais.

Asemade, é salientable a labor realizada na defensa da profesión

- Supervisión de convocatorias de emprego e a elaboración de escritos de Reclamación a Concellos no seu incumprimento (procesos selectivos, etc.)
  - o 26 escritos enviados: 6 escritos de petición de cobertura de prazas de traballador/a social e 20 escritos de reclamación (valoración de cursos do COTSG, salario, eliminación da entrevista persoal, acceso á prazas de educación familiar, etc.).
  - o 21 escritos enviados a Concellos: Sada, Verín (2), Vilar de Santos, Rubiá, Malpica, Lugo, As Pontes, Melide, Sandiás, O Carballiño, Chantada, Ponteceso, Mugardos, Barbadás, Cariño, Poio, Ourense, Miño e As Pontes.
  - o 1 escrito enviado ao IGVS
  - o 1 escrito enviado á Consellería de Facenda
  - o 1 escrito enviado ao SERGAS
  - o 1 escrito á Deputación de Lugo
  - o 1 escrito á Deputación de Ourense
  - o Creación dun modelo de bases e temario de administración local e autonómica
- Defensa da Profesión no eido laboral
- Elaboración e revisión de Regulamentos internos
- Alegacións á Administración Autonómica
- Realización de modelos de solicitude (alegacións, recursos de reposición, contenciosos, etc.) de apoio técnico para o COTGS e para a colexiación
- Etc.

### GRUPOS DE TRABALLO

Os Grupos de Traballo pretenden ser unha ferramenta activa e flexible que permita potenciar o compromiso do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) coa profesión e cos/as profesionais que representa, ao promover o estudo das necesidades deste colectivo en distintos ámbitos de traballo, introducindo novas propostas para a resolución de problemas comúns e favorecendo o desenvolvemento e ampliación de coñecementos en áreas de traballo social e servizos sociais que están menos desenvoltas.

A constitución e posta en funcionamento de Grupos de Traballo debe realizarse dun xeito minucioso, establecendo uns criterios de composición e funcionamento cunha base común, por tal motivo un dos obxectivos é a elaboración do Regulamento de Réxime interno dos grupos de Traballo para fortalecer a participación activa da profesión.

Os obxectivos dos Grupos de Traballo serán:

- Asesorar, informar e formular propostas no eido do grupo de traballo, para mellorar a cualificación e o desenvolvemento profesional.
- Elaborar documentos ou informes sobre a súa situación e perspectivas profesionais (ex. Boas prácticas profesionais, ferramentas útiles para a profesión, protocolos de actuación, etc.)
- Propiciar a homoxeneidade dentro das/os profesionais do traballo social no campo de actuación do grupo de traballo, colaborando con outras asociacións de profesionais, colexios ou sociedades de Galicia e baixo as directrices do Consello Xeral de Traballo Social.
- Informar periodicamente das actuacións e actividades ao COTSG para realizar unha planificación consensuada de actividades e non duplicar esforzos, respectando a autonomía dos grupos de traballo.
- Traballar na procura de novos campos de traballo para ás e os profesionais do traballo social.
- Impulsar e fomentar a Investigación e o Desenvolvemento no eido específico de cada Grupo de Traballo.
- Propor contidos para actividades formativas, mesas de debate, relatorios, etc.
- Diseñar actividades de divulgación para a cidadanía.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de accións para a celebración de datas relevantes do Traballo Social.
- Propiciar a redacción de artigos, escritos ou novas para publicar no blog e nos medios de comunicación do COTSG.

Os grupos de traballo que mantiveron xuntanza no 2020:

- o GT Servizos Sociais Comunitarios e SAF  
2 xuntanzas: 20/02/2020 e 22/06/2020 (telemática)
- o GT SAF  
2 xuntanzas: 18/01/2020 e 08/02/2020.  
Programouse unha reunión para o 21 de marzo pero adiouuse polo Estado de Alarma.  
Pendente de fixar data para unha xuntanza en liña.
- o GT Exercicio Libre  
1 xuntanza: 18/02/2020.  
Programouse unha reunión para o 31 de marzo pero adiouuse polo Estado de alarma.  
Pendente de fixar data para unha xuntanza en liña.
- o GT Familia e Menores  
1 xuntanza: 03/02/2020
- o GT Traballo social e feminismos  
1 xuntanza 15/02/2020
- o GT Traballo social en Educación:  
1 xuntanza 19/06/2020

### PROSPECCIÓN LABORAL

- Envío por Mailchimp ás federacións e asociacións de AMPAS galegas, de un resumo explicativo das bases da convocatoria de axudas da Secretaría Xeral de Igualdade destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero.

### COVID 19

- Escrito aos Concellos de Galicia por mor do estado de Alarma ofrecendo a colaboración do Servizo de emprego en procesos selectivos.  
- Escrito a entidades do terceiro sector de Galicia por mor do estado de Alarma ofrecendo a colaboración do Servizo de emprego en procesos selectivos  
- Escrito ás universidades do SUG ofrecendo a colaboración do Servizo de emprego para canalizar as ofertas de emprego que puideran xurdir durante o Estado de alarma.

### SUBVENCIONS

o Presentación da solicitude da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020.



### 15. CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA ADMON

#### ✓ SIUSS/MATIASS

O ano 2020 será o 20 aniversario da implantación do MATIASS na rede corporativa da Xunta de Galicia como ferramenta de apoio ás traballadoras e traballadores sociais do Sistema Galego de Servizos Sociais e de Saúde. Por tal motivo, o COTSG ten como obxectivo celebrar o 20 aniversario do MATIASS do seguinte xeito:

- Visibilizar a orixe e evolución do MATIASS ao longo dos seus vinte anos de existencia na rede.
- Actualizar/modernizar o logo da aplicación como símbolo da renovación a unha nova etapa, incluíndo un engadido referido ao 20º aniversario durante o 2020.
- Difundir a historia do proxecto desde os seus inicios así como o seu funcionamento actual entre os potenciais usuarios e usuarias máis novas.
- Homenaxear ás persoas impulsoras do MATIASS que fixeron realidade o proxecto nas súas fases iniciais.
  - Acto adiado por mor do COVID-19
- Actualizar e renovar o aplicativo MATIASS para a operatividade e axilidade na procura da información
  - Reunións mantidas coa Xunta de Galicia para a elaboración de propostas para o aplicativo MATIASS

#### ✓ QUENDA DE GARDA SOCIAL

No ano 2020 o Colexio de Traballo social de Galicia asinou un convenio de colaboración coa Vicepresidencia e a Consellería de presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a posta en marcha dun servizo de quenda de Garda Social especializada e permanente para mulleres e as persoas dependentes a cargo que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxectivo do 2020 é crear estratexias eficaces de difusión do programa para unha correcta activación.

Actividades realizadas:

- INTERVENCIÓNS
  - a. A Quenda conta con 115 profesionais en activo distribuídas por toda a comunidade autónoma galega
  - b. Non se activa o servizo no 2019
- REUNIÓN INFORMATIVAS
  - a. Desenvolverase un curso formativo especializado para as e os profesionais que forman parte da Quenda e aquelas profesionais que queiran formar parte.
- ACTIVIDADES DESENVOLTAS POR COORDINACIÓN
  - a. Elaboración do novo protocolo e Regulamento de réxime interno, os modelos de documentos de traballo e toda a recollida de información durante todo o

proceso co seu adecuado seguimento.

- b. Actualización das Quendas cunha frecuencia quincenal.
- c. Reunións coa Secretaría Xeral para concretar estratexias de difusión e aspectos de mellora do servizo

### 16. SERVIZOS COTSG E REORGANIZACIÓN INTERNA

Nos últimos anos a sociedade en xeral e no sector tecnolóxico en particular –atendendo ademais á revolución social e tecnolóxica causada polo COVID 19–, teñen sufrido un desenvolvemento rápido no que toda a cidadanía tivo que adaptarse.

O progreso das tecnoloxías da información, entre as que se atopan equipos, aplicacións informáticas e as telecomunicacións, resonaron con tanta forza que na actualidade que o COTSG debe de formar parte da Sociedade e da información, un modelo de sociedade que está mudando calquera outro modelo anterior.

Neste senso, as accións e os obxectivos a acadar os seguintes:

- Optimizar a xestión a través dunha actualización continua do sistema de Xestión
  - Posta en Marcha do novo Software para a colexiación
- Mellorar a páxina WEB para un áxil e operativo funcionamento para as persoas colexiadas
  - Traballo en conxunto de propostas e cambios na páxina WEB
- Introducirnos no uso das novas ferramentas de internet das que vamos a dispor para a elaboración e xestión de documentación do COTSG.
- Dotar ao COTSG de medios electrónicos adecuados para a realización de reunións telemáticas cos diferentes axentes sociais.

Asemade, dentro dos Servizos do COTSG continuamos con:

- Visibilizar nas Administracións da obrigabilidade da Colexiación
- Ofertar Descontos nos Convenios de colaboración con entidades das cales son beneficios para a colexiación
- Comunicación fluída para toda a cidadanía a través dos medios específicos para dar cobertura a todas as consultas achegadas dun xeito máis especializado e profesionalizado
- Dotar de novas incorporacións literarias á Biblioteca
- Sinaturas electrónicas as persoas representantes de Xunta de Goberno

### 13. COMUNICACIÓN

- Manter e promover as ferramentas actuais: facebook, instagram, twitter e linkedin.
- Chegar a 12 notas (como mínimo ao ano).
- Manter o nivel de aparición en medios e traballar por melloralo.
- Manter a liña de entrevistas a traballadoras sociais colexiadas.
- Difundir e xerar un discurso menos academicista e máis práctico sobre que é o traballo social e para que serve (en colaboración con Emprego).
- Conseguir maior visibilidade do COTSG mediante a difusión da ferramenta da precolexiación.
- Inserir o discurso do COTSG en ano electoral (autonómicas)
- Continuar co branding mediante o merchandising.
- Mellorar o street marketing.
- Mellorar a comunicación interna co COTSG.
- Elaborar campañas específicas desde o traballo social en intres determinados

#### Actividades 2020:

#### EIXOS:

TRABALLO SOCIAL E EDUCACIÓN

TRABALLO SOCIAL E EMERXENCIAS

TRABALLO SOCIAL E FEMINISMO

TRABALLO SOCIAL E MEDIOAMBIENTE

- Xaneiro:
  1. asistencia a EUTS e Facultade de Ourense con coordinación e emprego para difusión axendas e COTSG entre o alumnado.
  2. Difusión acto Concepción Arenal.
  3. Actualización axenda medios.
  4. Creación grupo para proposta política e análise de proposta programas electorais.
- Febreiro:
  1. Comezo campaña práctica QUE É O TRABALLO SOCIAL E PARA QUE SERVE
- Marzo:
  1. Campaña merchandising 8M e difusión da participación en manifestacións.
- Abril: Campaña Día Mundial EIXO: MEDIOAMBIENTE (aprazada pola COVID19)
- Deseño campaña precolexiación
- Verán: Campaña traballo social e educación
- Setembro:
  1. acción street marketing (APRAZADA POLA COVID19)
  2. axendas
  3. xornal
- Novembro: deseño campaña 25N
- Decembro:
  1. Concurso fotográfico ABERTO á sociedade cunha inversión en premios que dean visibilidade ao COTSG
  2. Periódico
  3. Felicitación navideña

